

TRANSCRICIÓN DOS VÍDEOS

Médicos do mundo denuncia 2.496 casos en Galiza de desatención médica a inmigrantes

15 novembro 2016

A ONG *Médicos do Mundo* presentou en rolda de prensa no Pazo de Raxoi o resultado dun informe que descobre unha triste realidade para o noso país: máis de 2.000 persoas non teñen acceso á Sanidade pública por ser inmigrantes. O secretario desta ONG en Galicia, Brais Barcia, denunciou que son moitos máis os casos reais, xa que moitas persoas non denuncian por temor ás represalias do Estado español.

[Brais Barcia] “Preséntanse un ano máis o informe, este é o cuarto, para que teñamos coñecemento dos casos máis graves. O dereito de acceso á saúde interrompeuse ese vinte de abril no que o Real Decreto entrou en vigor. Máis de 800.000 persoas, segundo os datos achegados pola propia Administración, viron como se lles retiraba a tarxeta sanitaria, á que ata ese momento tiñan dereito. Os seus efectos dramáticos e profundamente inxustos seguen aí catro anos despois. Recolléronse máis de 2.496 casos de afectados por este decreto desde xaneiro de 2014, incluíndo vulneracións ás excepcións, sobre xente que tiña un dereito concedido, incluso despois da reforma.” (...)

A concelleira de Política Social de Santiago, Concha Fernández, ofreceu o apoio do goberno municipal, que presentará unha moción neste sentido no vindeiro pleno municipal.

[Concha Fernández] “Este informe, ao que lle temos querenza todos os anos porque nos confronta xustamente co acceso a dereitos fundamentais, como o dereito á saúde, pero este ano témoslle especial querenza porque foi realizado acolléndose a un convenio coa Concellaría de Políticas Sociais. E ao vindeiro pleno, que temos este xoves, imos levar tamén unha moción para esixir que se garantan os dereitos fundamentais das persoas migrantes nos CIES, nos Centros de Internamento de Estranxeiros.”

A situación actual acontece como consecuencia da aprobación en 2012 dun Decreto Lei que rematou coa sanidade pública universal e que deixa fóra milleiros de persoas, a grande maioría inmigrantes residentes que deixaron de ter dereito a médico.

Somos refuxiados

31 xaneiro 2017

O 5 de febreiro celébrase ne Ribeira un festival benéfico para recadar fondos destinados a axudas a refuxiados. A plataforma *Somos humanos, somos refuxio*, integrada por veciños e veciñas do Barbanza, organiza o festival, no que van participar varios artistas.

A plataforma organiza unha gala benéfica para recadar fondos que irán destinados a ONGs que colaboran nos campos de refuxiados. *Somos refuxiados* é unha plataforma que naceu co afán de facer algo máis que lamentarse polas penurias que están a padecer as persoas que foxen da guerra. Critican as desidia dos políticos de

Europa e fanlle lembrar á cidadanía que noutro tempo os refuxiados fomos nós e os nosos antergos.

“[Queremos] Facer patente toda a traxedia que está pasando nestes momentos en Europa, onde están morrendo cantidade de persoas pola desidia que estamos padecendo por parte dos nosos políticos. Imos entre todos intentar pormenorizar cales van ser as nosas accións para axudar a toda esta xente. Unha vez máis, queremos deixar patente o noso malestar con toda a política que se está facendo neste aspecto.”

“Millóns de persoas tiveron que escapar dos seus países, como Siria, Libia, Afganistán, Palestina, Eritrea..., escapando da guerra, da fame, dos abusos sexuais, por motivos relixiosos... E escapan de conflitos provocados por intereses xeoestratéxicos, económicos, que promoven o espolio das súas riquezas e a venda de armas. O mar Mediterráneo e as fronteiras europeas seguen sendo as fosas comúns nas que miles de persoas perden a súa vida. O ano pasado máis de 5.000 persoas. Ante isto resúltanos moi difícil quedar caladas, xa que sobre todo miles de nenos e nenas caen nas redes da trata, e miles de mulleres están sufrindo abusos sexuais.”

“Tamén queremos desde a plataforma denunciar o acordo que asinou a UE con Turquía, onde as persoas refuxiadas están sendo tratadas como mercadorías, sen que se respecten os seus dereitos humanos. Pretendemos tamén presionar ao goberno español, que se comprometeu en setembro de 2015 a acoller a máis de 16.000 persoas e a día de hoxe só acolleu a 1.034. E todo isto a pesar dos numerosos ofrecementos de axuda e colaboración por parte de concellos, ONGs e a propia cidadanía a título particular. Un feito que incluso a propia UE lle reprochou ao goberno español.”

“Por que facemos isto? Porque todas somos humanas. As persoas refuxiadas non son estatísticas. Teñen nome, teñen rostro, medos, amores, non son diferentes a nós. Os gobernos de Occidente crearon os problemas que hoxe obrigan a fuxir a toda esa xente dos seus países. Somos, polo tanto, responsables do sufrimento que estamos a causar e temos a obriga de axudar. Porque tamén nós fomos e somos migrantes. (...)”